

# ODS e Axenda 2030, materia pendiente para a comunidade universitaria galega?



XUNTA  
DE GALICIA



cooperación galega

Campaña Mundial pola

**EDUCACIÓN**

[www.cme-espana.org](http://www.cme-espana.org)



## © Campaña Mundial pola Educación en Galicia

Permítese a reprodución total ou parcial desta obra por medio o procedemento sempre que se mencione a fonte e se faga sen fins comerciais.

**Ano de edición:** 2021

**Coordinación:** Mónica Viqueira e Laura Álvarez.

**Redacción:** Laura Álvarez e Mónica Viqueira

**Revisión:** Clarisa Giamello

**Deseño:** María Saavedra

**Agradecementos:** A toda a comunidade universitaria galega, das Universidades da Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (UVI), por participar e compartir connosco a súa percepción sobre ODS e a Axenda 2030, na súa realidade máis preta, así como proporcionar ideas para incrementar o seu coñecemento e traballo a nivel universitario, autonómico e estatal.

Para máis información sobre este documento, póñase en contacto con: [cme.galicia@gmail.com](mailto:cme.galicia@gmail.com)

Este documento forma parte dun proxecto financiado pola Xunta de Galicia. O contido desta publicación é responsabilidade exclusiva da coalición galega de Campaña Mundial pola Educación e non reflicte necesariamente a opinión da Xunta de Galicia.

Este documento foi posible grazas ao proxecto Campaña Mundial pola Educación 2021 en Galicia financiado pola Xunta de Galicia na súa convocatoria 2020 para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global por parte das organizacións non gobernamentais de desenvolvemento, presentado en agrupación por Axuda en Acción, EDUCO, Entreculturas, Taller de Solidariedade e a Universidade de Santiago de Compostela.

## INTRODUCCIÓN

Coa chegada do século XXI, a Organización das Nacións Unidas, ao fin de loitar contra a pobreza humana, aprobou, no ano 2000, a Declaración do Milenio a cal recollía os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM) poñendo de data límite o ano 2015 para o seu cumprimento. No ano 2010 cumpríase a meta principal que perseguían os ODM: reducir á metade a taxa da pobreza extrema. Sen embargo, en termos globais, producíronse poucos avances e incluso incumpríronse algunhas metas en canto á precariedade laboral, mortalidade materna ou un aumento das emisións de dióxido de carbono entre outras (Sanahuja e Tezanos, 2017). É, neste punto, onde se presenta unha proposta de obxectivos e metas máis minuciosa, os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) que conteñen a axenda global máis ambiciosa aprobada pola Organización das Nacións Unidas co fin de conseguir unha mobilización global en torno a uns obxectivos comúns (Gómez Gil, 2018).

En setembro de 2015 a ONU aprobou os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible que conforman, xunto coa Axenda de Acción de Addis Abeba e o Acordo de París, a coñecida como a Axenda 2030. Esta se presentou como un novo acordo entre as nacións do planeta caracterizado pola transversalidade dos tres pilares do desenvolvemento sostible: económico, social e ambiental, pola universalidade da súa aplicación e pola súa integralidade ao non establecer obxectivos máis importantes que outros.

Este novo acordo marco está formulado en torno a cinco eixes: planeta, persoas, prosperidade, paz e alianzas e está articulado en 17 Obxectivos, 169 metas e 230 indicadores globais que invitan a unha acción concertada para resolver ou minimizar os graves problemas do actual proceso globalizador. A formulación dos ODS incorpora un diagnóstico dos problemas que asolan ao mundo que as organizacións da sociedade civil comparten en gran medida: pobreza, desigualdade crecente, desemprego, precariedade laboral, colapso climático-ambiental, degradación da calidade democrática e dos dereitos, procesos de concentración de poder e militarismo, redución dos espazos cívicos e da participación da sociedade civil e retrocesos nos procesos emancipadores das mulleres.



*“Estamos resoltos a poñer fin á pobreza e a fame en todo o mundo de aquí a 2030, a combater as desigualdades dentro dos países e entre eles, a construír sociedades pacíficas, xustas e inclusivas, a protexer os dereitos humanos e promover a igualdade entre os xéneros e o empoderamento das mulleres e nenas, e a garantir unha protección duradeira do planeta e os seus recursos naturais”.*

(UNESCO, 2015)

Por este motivo, é necesario marcar unha folla de ruta para o cumprimento da Axenda 2030 que debe iniciarse no coñecemento da mesma por parte da cidadanía. Deste punto parte esta consulta, co obxectivo principal de saber a medida na que, dende as Universidades galegas se da a coñecer e se traballa a Axenda 2030 e os ODS.

Enmarcada no proxecto Campaña Mundial pola Educación en Galicia 2020-2021 (CME) que implementa a coalición galega de CME, e que conta co apoio e financiación da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia ao abeiro da súa convocatoria 2020 para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, esta consulta busca visibilizar o grao de coñecemento da Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostibles (ODS) da comunidade universitaria galega ao tempo que se abre un espazo de participación onde estes poidan evocar as súas inquedanzas e as súas recomendacións para axudar ao cumprimento deste marco internacional. É un reto para as universidades poder dar resposta ás accións relacionadas coa Axenda 2030, xa que supón unha responsabilidade que a xuventude estea ben formada para tomar decisións que contribúan a xerar unha sociedade máis xusta e sostible (CRUE, 2019, p.1).

A coalición galega da Campaña Mundial pola Educación está formada polas organizacións Axuda en Acción, Entreculturas, Taller de Solidariedade, Universidade de Santiago de Compostela e Fundación Educo que desenvolven accións de sensibilización, educación e mobilización na comunidade en favor do dereito á educación dende o ano 2003 e contando co apoio e financiación do goberno autonómico dende o ano 2008.

A través deste informe, se persegue analizar que sabe o alumnado sobre a Axenda 2030 pero tamén a apropiación da mesma por parte da poboación universitaria que, da mesma forma que a poboación en xeral, son corresponsables de lograr un desenvolvemento sostible que non deixe a ninguén atrás.

Dende a aprobación da Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) as universidades convertéronse en valiosas aliadas para ensinar, aprender e afrontar os retos que se marcan os 17 ODS, xa que serven de base para a formación dos profesionais do mañá, facéndoos conscientes da realidade e encamiñando o seu futuro a un desenvolvemento máis sostible que se converta nun beneficio común para todas as persoas e para o planeta. (Barrenetxea Ayesta y Barandiaran Galdós, 2020).

Os resultados que este informe sinalan serán difundidos entre distintas administracións autonómicas da comunidade galega co fin de visibilizar a necesidade dun esforzo maior en canto a difusión e implicación da sociedade galega na consecución da Axenda 2030.

Ao nivel interno da coalición galega da Campaña Mundial pola Educación, estes resultados tamén arrojan pistas das liñas de traballo que precisan de reforzo para conseguir unha maior implicación e apropiación dos estudantes universitarios das tres universidades galegas: Universidade de Santiago de Compostela (USC), Universidade da Coruña (UDC) e Universidade de Vigo (UVigo).

## 1. Metodoloxía




Este documento é o resultado dunha consulta realizada a alumnado universitario da comunidade galega, no que participaron, alumnado dos graos de Pedagogía, Educación Social e Educación Infantil da Universidade de Santiago de Compostela (USC), o grao de Educación Infantil da Universidade da Coruña e a comunidade universitaria, participante das II Xornadas soDStendo o planeta, da Universidade Vigo (UVigo).


A consulta foi realizada a 225 mozas e mozos ao longo do curso 2020-2021 coa finalidade de arrojar luz sobre o nivel de coñecemento que ten este segmento representativo da poboación en relación a Axenda 2030.

Escollese esta representación da sociedade por tratarse dun público obxectivo para a Campaña Mundial pola Educación, mocidade en formación e futuros profesionais, na súa maior parte, do eido educativo. Trátase, polo tanto, de futuros profesionais da educación con altas capacidades para o análise das carencias do sistema e con gran poder de réplica, algo que ademais de proporcionar información sobre a execución da Axenda 2030 e os ODS a nivel universitario, posibilita a oportunidade de fomentar e afianzar o seu coñecemento.

Desta forma, as persoas enquisadas foron 225, 175 mulleres, 48 homes e 2 persoas de xénero non binario. Este dato de distribución por xénero, tal e como se pode ver na gráfica, é significativo, xa que amosa unha clara tendencia feminina cara o ámbito educativo, algo que non chama de todo a atención xa que as profesións destinadas á educación e o coidado son ocupadas xeralmente por mulleres (Ruiz-Gutiérrez y Santana-Vega, 2018).


**Figura 1- Distribución de participación por xénero.**

	<b>Masculino</b>	<b>48</b>
	<b>Feminino</b>	<b>175</b>
	<b>Non Binario</b>	<b>2</b>



## 2. Axenda 2030 e Obxectivos de Desenvolvemento Sostible: nivel de coñecemento

Uns dos obxectivos principais que se perseguía con esta consulta era saber o grado de coñecemento sobre a Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible por parte da poboación universitaria galega. Tal e como sinalan Barrenetxea Ayesta y Barandiaran Galdós (2020) a falta de transversalidade e sostenibilidade nos contidos dos currículos favorece que o nivel de coñecemento do alumnado entorno á Axenda 2030 e os ODS sexa bastante limitado, así o amosan tamén os resultados desta consulta.



Como pode observarse na figura 2, un 20,9 % do alumnado consultado que declara non coñecer nada a Axenda 2030, fronte a un 28,9% que recoñece coñecela un pouco, un 37,8% que a coñece a medias e tan só un 12% das persoas consultadas recoñecen coñecela moito. No relativo ao coñecemento específico dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, estes porcentaxes varían: un 51% das persoas enquisadas recoñece ter un coñecemento medio, un 15,6% alto e un 1,8% altísimo, fronte a un 24% que sinala ter un baixo coñecemento e un 7,6% que responde que nada.


Os datos recollidos sinalan que a meirande parte do alumnado non coñece a Axenda 2030 e que ten coñecementos básicos sobre os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Sen dúbida, chama a atención que seis anos despois de que a Axenda 2030 fora asinada, haxa unha porcentaxe tan elevada de alumnado que afirme non coñecela.

### 3. Recoñecemento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

Incidindo no coñecemento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, das 225 persoas enquisadas 154 responderon correctamente o número de ODS que hai, correspondendo a un 68%.

**Figura 3 - Recoñecemento dos ODS**


20	26 persoas
17	154 persoas
15	13 persoas
14	21 persoas
7	11 persoas



Por outra banda, como se pode observar na figura 4, 139 persoas identificaron correctamente que o ODS relativo á Educación é o ODS 4 o que supón un 61,7% do alumnado enquisado.

**Figura 4 - Identificación do ODS 4: Educación de Calidade**


ODS 1	9
ODS 4	139
ODS 5	48
ODS 8	29



Na figura 5 recóllense as respostas elixidas polo o alumnado en base ao recoñecemento das metas relativas ao ODS 4: Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade para todas as persoas. Na formulación da pregunta, tal e como se pode observar na gráfica, mesturábanse metas relativas ao ODS 4 con metas doutros ODS. Das metas relacionadas co ODS 4, cabe destacar que a máis recoñecida, por un 86,7% do alumnado enquisado, é **Fomentar a Educación Global para o Desenvolvemento Sostible** (Meta 4.7), seguida por **Asegurar a calidade da Educación Primaria e Secundaria** (Meta 4.1), elixida por un 76,8%, **Eliminación da Disparidade de Xénero e Colectivos Vulnerables** (Meta 4.5) sinalada por un 58,7%, **Asegurar a alfabetización e coñecemento da aritmética** (Meta 4.6) escollida por un 36,4% e por último o **Aumento das competencias para acceder ao emprego** (Meta 4.4) que foi seleccionada por un 32,9%.

Das metas relativas a outros ODS, o 19,8% sinalou o **Aumento das enerxías renovables**, (ODS 7, Meta 7.2), un 16,4% a **Mobilización dos recursos económicos** (ODS 13, Meta 13.A) e un 3,1% **Fomento da pequena e mediana Empresa** (ODS 8, Meta 8.3).

**Figura 5 - Metas relativas ao ODS 4: Garantir unha Educación inclusiva, equitativa e de calidade.**



Parece importante destacar, sen embargo, que do alumnado que sinalou correctamente o número de ODS, un total de 154 persoas, dos que só 100 persoas identificaron ben o ODS relativo á Educación, e destas, tan só 13 distinguiron correctamente as metas relativas ao ODS 4, o que supón que só un 5,7% dos estudantes enquisados respondeu completamente ben a estas preguntas.


Estes datos, veñen a corroborar o descoñecemento entornó á Axenda 2030 e os ODS que o alumnado sinalou nas preguntas anteriores, algo que non fai máis que poñer de relevancia a necesidade de ampliar a formación do alumnado universitario, profesionais futuros, para que sexan aliados na transformación social en torno á Axenda 2030.

*“A educación é a base da sociedade, e polo tanto, para conformar un futuro mellor no cal se cumpran os ODS, a educación é importante”.*



## 4. Os ODS no ámbito universitario

Consultados sobre o grao no que consideran que se traballa a Axenda 2030 e os ODS nas súas universidades, o alumnado participante responde nun 47,1% que a medias, mentres que un 23,6% recoñece que pouco e un 4,4% que nada. Por outra banda, un 23,1% e un 1,8% sinalan que se traballan moito ou moitísimo, respectivamente.



Coñecer a súa percepción sobre o grao no que se traballan os ODS a nivel universitario é importante, sobre todo para comprender as súas propostas no relativo a como traballalas, xa que moitos dos estudantes, un 40%, encamiñan a súa resposta á realización de máis actividades, xornadas ou obradoiros sobre o tema, o que amosa un interese por afondar no coñecemento da Axenda 2030 e os ODS. Outra porcentaxe importante de propostas, un 27,5% van na liña de aumentar os contidos específicos en diferentes materias, mellorando a formación, non só do alumnado se non da comunidade universitaria. Cabe destacar tamén que a divulgación, concienciación e sensibilización en torno á temática, teñen importante mención nas propostas dos participantes, o que amosa que o traballo entorno a Axenda 2030 e os ODS, dende a perspectiva do alumnado universitario galego, non é suficiente.

Esta apreciación por parte do alumnado para o traballo da Axenda 2030 e os ODS a nivel universitario pódese enmarcar dentro nos catro enfoques que Ortega (2008) establece no proceso da Educación para o Desenvolvemento: sensibilización, concienciación, formación e compromiso individual que van intimamente ligados ás dimensións establecidas para a consecución dunha transformación social real, que é un dos fins que persegue a Axenda 2030, un compromiso da cidadanía a través dun aprendizaxe permanente. (UNESCO, 2015)

A continuación, recóllense algunhas das aportacións feitas polo alumnado enquisado en relación a como se pode enfocar o traballo da Axenda 2030 e o coñecemento e aplicación dos ODS a nivel universitario.



Aumentando a implicación dos/das propios/as docentes no coñecemento do alumnado sobre este tema, como nestas charlas.

Facendo mais xornadas como esta pero de forma presencial, nas que os alumnos podían participar de forma máis activa.



Ademáis de traballos de investigación sobre estes poderíamos intentar buscar entre todos solucións e tarefas para acadar estes obxectivos.



En primeiro lugar, favorecendo a que se coñezan todos y sobre todo para que sirven. Una vez feito iso, debense traballar de forma transversal en todas as materias e facultades. Toda a comunidade universitaria e toda a sociedade debe ser partícipe para poder cumprir os ODS.



Poderíamos traballar estes obxectivos mediante a visualización de documentais sobre o cumprimento ou non dos mesmos e posteriormente, a través da realización de debates ou charlas para dar a opinión de cada un sobre como os levaríamos a cabo.



Divulgación e imprementación no día a día da vida universitaria, incluído aspectos como unha alimentación sostible nos comedores universitarios, uso de materiais sostibles como papel de váter e secamáns recilado. Pequenas accións que demostren a implicación da comunidade nos ODS.

A Educación é imprescindible para avanzar na Axenda 2030, pero é necesario que esta sirva para empoderar aos individuos e que sexan conscientes que as súas accións actuáis teñen efectos sociais, culturais, económicos e ambientais no futuro (UNESCO, 2015). Esta visión marcada pola UNESCO, é compartida pola meirande parte do alumnado enquisado, que ante a pregunta: “consideras que o cumprimento do Obxectivo específico sobre Educación é fundamental para que se desenvolvan o resto de ODS?”, un 87% responde afirmativamente, considerando que a Educación é a base da sociedade, e polo tanto, primordial para o desenvolvemento de todos os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

“ Tendo en conta que a educación é o principal motor do cambio social, o obxectivo específico sobre a educación é fundamental para o logro do resto.

“ A longo prazo, a educación e indispensable para a configuración da sociedade do futuro e, polo tanto, sen esta non se poderán acadar os obxectivos na súa totalidade

“ Sí, posto que a educación abre o camiño para a mellora do tecido social e polo tanto melloranse as oportunidades para todos e todas, e igualmente crease a posibilidade de que se coñeza mais sobre a importancia da sostibilidade.

## A Axenda 2030 e os ODS dende o punto de vista político e cidadán.

No ano 2015, os xefes de Estado e Gobernos que forman parte da Organización das Nacións Unidas, asinan a Axenda 2030, que culmina os debates e esforzos desenvolvidos pola ONU en pro do desenvolvemento humano e sostible dende a década dos noventa, atendendo as súas principais dimensións. A Axenda 2030 pretende ofrecer unha resposta en políticas públicas aos problemas e desafíos da globalización en todos os ámbitos.

En España, este reto supón unha mobilización de todas as administracións públicas, estatais, autonómicas e locais, da cidadanía, as empresas, universidades, organizacións e de toda a sociedade en xeral en torno a unha visión global compartida. Faise necesario, un compromiso por parte de todos para lograr impulsar novas políticas, medidas e métodos de traballo que favorezan a evolución e compromisos cara a cumprir os obxectivos que nos leven a xerar un mundo mellor para todas as persoas.

O conxunto das políticas públicas teñen un forte impacto sobre os países en desenvolvemento, polo que para alcanzar os ODS España ten unha importante responsabilidade global.

A nivel nacional o Consello de Ministros, aprobou, o 29 de xuño do 2018, o Plan de Acción para a implementación da Axenda 2030 en España. Este Plan de acción ten dous obxectivos principais, por un lado o análise dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e por outro recoller as accións a través das cales se impulsará a Axenda 2020-2030, centradas na promoción de novas políticas, medidas, gobernanza e métodos de traballo así como a elaboración dunha Estratexia de Desenvolvemento Sostible 2020-2030.

Pola súa banda, a Xunta de Galicia asumiu a Axenda 2030 como unha oportunidade para emprender un novo enfoque, promovendo transformacións para alcanzar un mundo máis sostible, levando a cabo iniciativas e tomando o liderado na difusión e seguimento dos ODS dende Galicia. Neste marco cooperación galega esbozou e implementou o IV Plan Director de Cooperación Galega (2018-2021) para consolidar unha política pública galega de cooperación e solidariedade global, enmarcándose dentro da Axenda 2030 e sendo referente para as políticas de cooperación e desenvolvemento.

A Comunidade Autónoma de Galicia afronta con este Plan a oportunidade de xerar transformacións positivas, atallar os desafíos medioambientais e retos sociais e económicos existentes en espazos de mellora e evolución para converterse nunha autonomía adaptada aos cambios e en constante evolución.


Para levar a cabo unha adecuada implementación dos ODS, creouse, en Galicia unha Comisión Gubernamental, regulada no Decreto 142/2019, do 31 de outubro, pola que se crea a Comisión interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030 en Galicia, como órgano específico dedicado aos ODS na comunidade. Esta Comisión trátase dun instrumento de coordinación entre os diferentes departamentos da Xunta de Galicia en materia de sostibilidade que se crea para garantir a necesaria coordinación nas accións administrativas e de goberno necesaria para a consecución dos ODS da Axenda 2030.

Aínda que nos últimos anos vesen pasos de avance en canto ao compromiso político en favor da Axenda 2030, estes non son suficientes. Como sinala Cascante (2019) a execución da axenda 2030 dende a súa firma en 2015 presenta tendencias preocupantes que non amosan demasiadas garantías de cumprimento e poderían non ser suficientes. Se ben é certo que a pandemia mundial da COVID-19, supuxo unha crise multidimensional sen precedentes, que engade dificultade no alcance dos ODS no ano 2030, non pode servir como escusa, se non como un novo compromiso dos gobernos na loita contra a desigualdade, dirixindo as súas accións a paliar e favorecendo a construción dun futuro mellor para todas as persoas.

## 5. Implicación política coa Axenda 2030 a ollos do alumnado universitario.

En relación ás políticas nacionais e autonómicas en torno a Axenda 2030 e os ODS, o alumnado enquisado tamén aportou a súa apreciación en relación ao grado no que consideran que os gobernos traballan para que se cumpran os ODS. Desta forma, a nivel estatal, o 47,1% pensa que se está traballando a medias e un 46,7% que pouco, un 1,8% sinala que moito e un 4,4% que nada.

Os datos a nivel autonómico seguen a mesma liña de reposta que a nivel estatal, un 42,7% considera que se traballa a medias para a súa consecución fronte a un 44,9% que cree que pouco. Por outra banda, un 4,9% cree que moito e un 6,7% que nada, tal e como se pode observar na figura 7.



Dentro da súa labor como cidadáns activos, preguntóuselle ao alumnado por recomendacións que lles gustaría poder facerlles aos representantes políticos en torno a seu labor para a consecución dos ODS e o cumprimento da Axenda 2030. Neste sentido, as respostas obtidas foron dispares, polo que faise necesario aglutinalas en torno a diferentes grupos temáticos.

Desta forma, parte do alumnado enquisado considera que é necesario **ampliar a información en torno ao coñecemento dos ODS na sociedade**. Desta forma, un 17,8% do alumnado encamiñou as súas respostas a que é necesario que a cidadanía teña máis coñecemento acerca dos ODS, e é labor dos políticos proporcionarlla. Un 9,3%, basea as súas respostas no capital e na garantía de compromisos políticos, considerando necesario **investir máis orzamento e compromiso para o cumprimento da Axenda 2030 e os ODS**.

Por outra banda, un 5,3% dirixe as súas recomendacións cara a Educación, sinalando que sería necesario **incluír dentro dos currículos educativos máis formación relativa aos ODS**, ademais de incrementar o número de charlas, obradoiros e cursos formativos a nivel universitario.

O 10,2% sinala que son necesarias **leis que regulen o cumprimento dos ODS e a Axenda 2030** mentres que un 25,3% cree que se teñen que levar a cabo **accións concretas** que os acaden. Por último un 8,3% considera que a través dunha **escoita máis activa, facendo partícipe á cidadanía**, logrará unha maior eficacia no desenvolvemento dos ODS.

Por último, parece necesario destacar que houbo unha porcentaxe importante de persoas enquisadas, o 23,1%, que **non respondeu á pregunta ou que indicou que non sabía que responder**. Para afianzar estas porcentaxes, recóllense a continuación, varias das aportacións feitas polo alumnado.

“ En primeiro lugar que o tomen en serio posto que é algo que nos afecta a todos na mesma medida, e en segundo proporía que se fixese máis publicidade destes, que se propuxesen máis equipos voluntarios e se anunciasen, ou incluso chegar a algún tipo de sanción en casos extremos perxudiciais.

“ Que realmente incrementasen en maior grado a súa preocupación e interese polos cidadáns e polas controversias que nos rodean para así poder vivir nun ambiente e sociedade máis prospero.

“ Ampliar os recursos económicos en diferentes ámbitos para unha maior capacidade de elaboración de recursos.

Ampliar os recursos económicos en diferentes ámbitos para unha maior capacidade de elaboración de recursos. “

“ A solución principal é sensibilizar, primeiro aportando unha visión de maneira local, e máis adiante, de maneira global. Compreendendo o próximo (local), poderemos axudar tamén ó desenvolvemento en lugares máis lonxanos, xa que todos os actos inflúen.

“ Divulgación e implementación no día a día da vida universitaria, incluído aspectos como unha alimentación sostible nos comedores universitarios, uso de materiais sostibles como papel de váter e secamáns reciclado. Pequenas accións que demostren a implicación da comunidade nos ODS.

## 6. O labor da cidadanía na transformación social.

O traballo para o cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible non só implica aos gobernos, se non que a cidadanía xoga un papel fundamental. É por isto, que se lle consultou ao alumnado como poden contribuír elas e eles como parte da cidadanía para o cumprimento os ODS. Tendo en conta as respostas obtidas, agrupáronse en tres temáticas principais: formación e divulgación; compromiso individual e incidencia política.

Desta forma, un 35,5% das persoas enquisadas sinalou que a forma de contribuír ao cumprimento dos ODS é ampliar a súa formación para ter máis coñecementos e así poder axudar a súa divulgación entre o resto da poboación. Por outra banda, un 40,9% deu respostas máis individualistas en torno a levar a cabo accións propias no cumprimento dos ODS. Por último, un 5,3% das respostas van relacionadas cunha maior incidencia política, a través de campañas, mobilizacións e accións que lle pidan aos gobernos que cumbran coa Axenda 2030.

Parece que, dende o punto de vista do alumnado enquisado, sen deixar de lado as accións individuais, o cambio na transformación social en torno ao cumprimento da Axenda 2030, parte por favorecer e incrementar o coñecemento da cidadanía e que, desta forma, se converta en aliada na divulgación das necesidades existentes para alcanzar a tempo os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

## Conclusiones

O obxectivo principal desta consulta era saber o grado de coñecemento por parte da poboación universitaria galega entorno aos ODS e a Axenda 2030 e, tamén, a súa aplicación, non só na universidade, se non na cidadanía en xeral a través do seu análise sobre as accións e implicación política tanto a nivel autonómico como estatal.

Desta forma, propúxose a realización dunha enquisa que recollese a súa apreciación cunha mestura de diferentes preguntas, tanto pechadas como abertas, que favorecera coñecer de forma concisa e clara o seu punto de vista.


Os resultados obtidos, supoñen un punto de partida para a reflexión en canto á falta de coñecemento que ten o alumnado universitario galego en relación aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e a Axenda 2030. Estes datos, son avalados por outros estudos, como o levado a cabo en varias universidades españolas por Segalàs e Sánchez (2019) no que o alumnado sinala que non ten claro o que abordan os ODS e a Axenda 2030 e considera que a súa formación neste aspecto é escasa.

A Educación é a base da transformación social para a xeración de solucións globais, que debe promover e potenciar a conciencia da poboación, e que esta, sexa protagonista do cambio a través da implicación dunha cidadanía responsable, solidaria, crítica e activa. (Sánchez et al., 2017). É por este motivo, polo que as universidades están chamadas a ser axentes de cambio a través dunha formación na que a sostibilidade e a incorporación dos ODS dentro da vida universitaria son o pilar fundamental desta transformación. (Barrenetxea Ayesta e Barandiaran Galdós, 2020).

Neste sentido o alumando enquisado é consciente da súa falta de formación e así queda reflectido nas súas respostas, nas que en xeral, sinalan que é necesario ampliar a formación en torno a sustentabilidade a través de obradoiros, charlas ou incluso incluído contidos específicos nas diferentes materias ou incorporando materias específicas nos diferentes graos universitarios. Para lograr unha formación técnica, profesional e superior de calidade sobre a Axenda 2030, en palabras de Gómez-Jarabo et. al. (2019), as titulacións deberán incorporar competencias en sustentabilidade para fortalecer os perfís profesionais e que no futuro sexan capaces de responder aos retos que marca unha sociedade en cambio e evolución.

Non obstante, o cambio e transformación social non pende só de ampliar a formación a nivel universitario, se non que é necesario promover unha acción impulsada dende o nivel político e coa participación cidadana, dirixida a concretar unha sociedade onde o desenvolvemento sostible sexa o eixo principal (Gallach, 2019).

O cambio de cara a un mundo máis sostible é posible a través da participación de todas as persoas que conforman a sociedade, sen embargo, parece necesario que para conseguir este cambio, se fomenten accións tanto individuais como colectivas, a través da información e formación da cidadanía en torno ao coñecemento da Axenda 2030 e os ODS, un importante labor por parte dos representantes políticos.





## BIBLIOGRAFÍA

Barrenetxea Ayesta, M., e Barandiaran Galdós, M. (2020). Respuesta de la Universidad a la Agenda 2030 desde el binomio: Metodología - Temática. Sinergias, 75-89.

Cascante, K. (2019). Revertir la década pérdida de la cooperación española en el marco de la Agenda 2030: los deberes del próximo gobierno. Revista española de Desarrollo y Cooperación, (45), 121-132.

CRUE (2019). Las universidades españolas se constituyen como espacio clave para el cumplimiento de la Agenda 2030. <https://bit.ly/2KunOxh>

Decreto 142/2019 do 31 de outubro, polo que se crea a Comisión interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030 en Galicia. Diario Oficial de Galicia. Galicia, 14 de novembro de 2019, núm. 217, pp.48754-48763.

Gallach, C. (2019). La decidida apuesta española por los ODS. Política Exterior, 33 (190), 45-54.

Gobierno de España (2018). Plan de Acción para la Implementación de la Agenda 2030. Hacia una Estrategia Española de Desarrollo Sostenible. Madrid: Gobierno de España.

Gómez Gil, C. (2018). Objetivos de Desarrollo Sostenible (ODS): una revisión crítica. Papeles de relaciones ecosociales y cambio global, nº 140, 107-118.

Gómez-Jarabo, I., Saban, C., Sánchez, B., Barrigüete, M., Sáenz-Rico, e B. (2019). Formación de profesionales para una ciudadanía planetaria. La educación para el desarrollo sostenible en los títulos de grado de la Facultad de Educación de la Universidad Complutense de Madrid. Revista de Educación Ambiental y Sostenibilidad, 1 (1), 1205. doi: **10.25267/Rev\_educ\_ambient\_sostenibilidad.2019.v1.i1.1205**

Ortega, M.L. (2008). Estrategia de Educación para el Desarrollo de la cooperación española. Madrid: Ministerio de Asuntos Exteriores y de Cooperación. Recuperado de [https://upcommons.upc.edu/bitstream/handle/2099/6724/15\\_4\\_mariluz.pdf?sequence=1&isAllowed=y](https://upcommons.upc.edu/bitstream/handle/2099/6724/15_4_mariluz.pdf?sequence=1&isAllowed=y)

Ruiz-Gutierrez, J., y Santana-Vega, L. (2018). Elección de carrera y género. Revista Electrónica de Investigación y Docencia(REID), 7-20.

Sánchez, F., Segalàs, J., Cabré, J., Climent, J., López, D., Martín, C., Vidal, E (2017). El proyecto EDIN-SOST: inclusión de los ODS en la educación superior. Revista española de desarrollo y cooperación, núm. 41, p. 67-81. doi: <http://hdl.handle.net/2117/114119>

Segalas, J., y Sánchez, F. (2019). El proyecto EDINSOST. Formación en las Universidades españolas de profesionales como agentes de cambio para afrontar los retos de la sociedad. *Revista de Educación Ambiental y Sostenibilidad*, 1(1), 1204. doi: [https://doi.org/10.25267/Rev\\_educ\\_ambient\\_sostenibilidad.2019.v1.i1.1204](https://doi.org/10.25267/Rev_educ_ambient_sostenibilidad.2019.v1.i1.1204)

UNESCO. (2015). *Transformar nuestro mundo: la Agenda 2030 para el Desarrollo Sostenible*. Nueva York.

Xunta de Galicia (2018). *IV Plan Director de la Cooperación Gallega (2018-2021)*. Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Xunta de Galicia, Santiago.

Xunta de Galicia (2018). *A Implantación da Axenda 2030 de Desenvolvemento Sostible na Xunta de Galicia: Principais implicacións e propostas*. Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Xunta de Galicia, Santiago.